



ANUNCIO

CONCELLO DE MORAÑA

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO 2018

Aprobados pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL o padrón do **imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2018**, porase ó dispor do público no **CONCELLO DE MORAÑA**, dende o día **04 de abril de 2018 ata o día 04 de maio de 2018**, **ambas datas incluídas**, podendo os interesados examinalos durante o dito período e, no seu caso, **presentar dende o 05 de maio ata o 06 de xuño de 2018**, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo perante a Tesourería do ORAL – Deputación Provincial de Pontevedra (artigo 24 de Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL- da Deputación de Pontevedra, BOP de Pontevedra de 30/04/2013, e artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO DO 2018.

De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2018**, para o **CONCELLO DE MORAÑA**, será do **06 de abril de 2018 ao 06 de xuño de 2018**, ambas datas inclusive, **rematando o día 06 de xuño de 2018**.

O imposto poderá satisfacerse a través de calquera entidade bancaria, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.gal>) ou a través de calquera forma autorizada legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento o obrigado ó pagamento poderá, **ata o día 06 de xuño de 2018**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Tel. 886 211 400. - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ó seu domicilio.

Os contribuíntes que o día 15 de maio de 2018 non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso **disporán de prazo ata o 06 de xuño de 2018** para os solicitar na oficina indicada e efectuaren o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que **a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema**.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.



Pontevedra, 27 de marzo do 2018

O tesoureiro,

Miguel Ángel Santirso Fernández